



O Concello do Porriño, a través da Concellería de Benestar Social dirixida por Soledad Girón, está a desenvolver os cursos de formación dirixidos a Comunidade Xitana, dentro da programación do Plan de Desenvolvemento Xitano 2018-2019. Os cursos programados e que se desenvolven neste periodo son: **Riscos Laborais, Medio Ambiente, Soldadura e Oxicorte**, e o de **Automoción**. Ademais impártense **Apoio Escolar e Alfabetización de Adultos**.

Estes cursos, que están dirixidos tanto a homes como a mulleres pertencentes ao “**Colectivo Machado**”, iniciáronse no mes de novembro de 2018, agás o curso de Automoción que se impartirá no exercicio 2019.

O programa, cofinanciado con **Fondos Europeos**, ten como obxectivo a integración da comunidade xitana, impulsando accións de prevención e inserción social, e promocionando a igualdade de oportunidades e de xénero.



Concello do Porriño